



D. Federico Vilas Martín

## UNIVERSIDADE DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier de Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. José M. Da Rocha Álvarez  
 D. Xosé Manuel Cid Fernández  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D. Pedro Antonio Araujo Nespereira  
 D. Miguel Ángel Areán Míguez  
 D<sup>a</sup>. Fátima Arias Novoa  
 D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Victor Cardador González  
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
 D. Pablo Javier Cebral Loureda  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Enrique Costas González  
 D. Guillermo De Oca Cancela  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen De Arriba Pérez  
 D. José Durany Castrillo  
 D. Luis Espada Recarey  
 D<sup>a</sup>. Iria Estévez González  
 D. José Ramón Fernández Bernárdez  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D. José Manuel Gil Villanueva  
 D. Alejandro González Fontenla  
 D. Luis Gude Troitiño  
 D. David Irago Abalde  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Gonzalo Marino González  
 D. Carlos Martínez Peñalver Freire  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiola Iglesias  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 D<sup>a</sup>. Ascensión Muñoz del Barrio  
 D. Luis Ortiz Torres  
 D. Alejandro Padín Losada  
 D. Alberto Pena Rodríguez  
 D. Candido Pérez Betanzos (CIG)  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D<sup>a</sup>. Nikole Pérez Mato  
 D. José Pose Blanco  
 D. Manuel J. Reigosa Roger  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Roca Fernández  
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Carlos Román Lago  
 D. Patricio Sánchez Bello  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( FETE-UXT)  
 D. Juan Carlos Surís Regueiro  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Manuel Varela Lafuente

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de vinte de xullo de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10 horas en segunda, no Paraninfo do Rectorado.

O xoves, **día 20 de xullo de 2000**, ás 10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20-06-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Análise das mocións do Claustro do día 12 de xullo e adopción de acordos, se procede.
- 4.- Asuntos de profesorado ( prazas BOE, transformacións, visitantes, comisións de servizo, ano sabático).
- 5.- Transmisión da participación da Universidade na sociedade BIC- Galicia.
- 6.- Resolución da reclamación presentada por D. Maximino Cacheiro Varela sobre a coordinación dos Cursos de Doutoramento do Departamento de Filoloxía Española.
- 7.- Proposta de modificación do regulamento de Cursos e Convenios.
- 8.- Toma de acordo ante a non presentación de candidatos a Director no Departamento de Química Física ( artigo 104 dos Estatutos ).
- 9.- Revisión, se procede, do prazo de exames do primeiro cuatrimestre do curso 2000-2001, establecido no calendario académico aprobado na Xunta de Goberno do 20-06-2000 (solicitude da E.U. de Fisioterapia ).
- 10.- Debate e decisión sobre a procedencia de implantar no curso 2000-2001 os planos de estudo aprobados na Xunta de Goberno do día 20 de xuño de 2000.
- 11.- Aprobación, se procede, do *I Master en Xestión, Administración e Dereito Sanitario* e do *II Curso de Especialista en Xestión de Sociedades e Entidades Deportivas*.
- 12.- Rogos e preguntas.

Antes do inicio da sesión, o Rector da a benvida ós novos membros da Xunta de Goberno.

**Punto 1.** *Acta 20-06-2000*

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Rector.

O Rector informa sobre a próxima sinatura do acordo entre o Ministerio e as Comunidades Autónomas nos temas de promoción e estabilización do profesorado, recoñecemento de sexenios docentes non universitarios e complemento específico dos Titulares de Escola Universitaria.

**Punto 3.** Análise das mocións do Claustro do día 12 de xullo e adopción de acordos, se procede.

O Rector informa das mocións aprobadas no Claustro Extraordinario do día 12 de xullo.

A primeira delas é a seguinte:

*O Claustro manifesta o seu rexeitamento á Normativa de Permanencia e solicita ó Consello Social que a devolva á Xunta de Goberno e que sexa debatida na comunidade universitaria.*

Esta moción foi trasladada ó Consello Social. Estase á espera de resposta para volver a tratar o tema en Xunta de Goberno.

O texto da segunda é o seguinte:

*O Claustro acorda instar ós representantes da Universidade de Vigo na Xunta Xeral da Sociedade Pública Mercantil " Cidade Universitaria S.A.", a iniciar o procedemento de disolución e liquidación da dita sociedade, e encomendar á Comisión de Planificación do Claustro que nun período máximo de tres meses eleve unha proposta ó Claustro que permita asumir a consecución dos obxectivos previstos no obxecto social de "Cidade Universitaria S.A.", utilizando o instrumento de actuación pública que considere máis axeitado de acordo cos principios de ausencia de ánimo de lucro, participación do persoal de administración e servicios na súa xestión, sometemento ó control interno da Universidade, e subordinación ós órganos de goberno da mesma.*

O Rector explica que o representante na Xunta Xeral de accionistas é o Rector que, en representación de toda a Universidade, foi proposto pola Xunta de Goberno; por iso, é a Xunta de Goberno a que ten que responder.

Indica que é o primeiro interesado en que toda a comunidade teña a información necesaria. Di que decisións deste tipo non sempre se acadan por unanimidade aínda que se busque o consenso. Ten a intención de seguir adiante con este proxecto que vai en beneficio de toda a institución e bríndase ó diálogo no seu desenvolvemento.

O profesor Santamaría (en representación de FETE-UXT) da lectura a un texto que se engade á acta como anexo.

Prodúcese un debate sobre este tema e a continuación varios membros da Xunta de Goberno abandonan temporalmente a sesión para tratar de redactar unha proposta de consenso. A continuación someten á consideración da Xunta de Goberno a seguinte proposta:

*A Xunta de Goberno acorda de xeito consensuado respaldar o proxecto de urbanización do Campus e insta ó Rector a non frear o inicio das obras. Asimesmo, acorda instar á Comisión de Planificación do Claustro que estudie as diferentes alternativas co fin de chegar, no seo da programación plurianual, a un consenso e acadar un acordo definitivo.*

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 4.** Asuntos de profesorado.

##### Prazas BOE.

O profesor Martínez Peñalver di que as prazas correspondentes ó Departamento de Economía Financeira e Contabilidade non deberían aprobarse nesta Xunta de Goberno porque hai un recurso de alzada presentado por un profesor dese Departamento en contra da saída a concurso das mesmas.

O Vicerrector de Profesorado Don Javier de Vicente Remesal di que se trata de prazas novas, con informe favorable da Comisión de Docencia e con existencia de crédito.

Apróbanse por asentimento as seguintes prazas:

C05	265	CAT-UN	Vigo	----
C10	280	TIT-UN	Vigo	Belén Rubio Armesto
C10	280	TIT-UN	Vigo	----
H05	445	CAT-UN	Ourense	----
T02	535	TIT-UN	Vigo	Eloy Díaz Dorado
T02	535	TIT-UN	Vigo	Edelmiro Míguez García
T03	545	CAT-EU	Vigo	----
T03	590	TIT-UN	Vigo	----
T08	400	TIT-UN	Ourense	Antonio Ferriz Mas
X01	730	TIT-UN	Pontevedra	M <sup>a</sup> José Pérez Fabello
X01	740	TIT-EU	Ourense	Ángel Fernández González
X06	225	TIT-UN	Vigo	Coral del Río Otero
X06	225	TIT-UN	Vigo	Olga Alonso Villar
X07	230	TIT-EU	Vigo	----
X07	230	TIT-UN	Vigo	----
X07	230	TIT-UN	Vigo	----
X07	230	TIT-UN	Vigo	----
X07	230	TIT-EU	Vigo	----
X07	230	TIT-EU	Vigo	----

Acórdase non remitir ó BOE as prazas de Economía Financeira e Contabilidade ata que se aclare se están afectadas polo recurso de alzada antes mencionado.

### Transformacións.

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C03	566	Francisco Cambón Deza	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
C05	265	M <sup>a</sup> Carmen Vallejo Pérez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
C05	265	Francisco Varela Arís	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
C09	760	Emilia García Martínez	de PP2 a TIT-UN interino
H04	345	Marta García de la Puerta	de ASO T2-TC a PP2
H04	345	M <sup>a</sup> Teresa Caneda Cabrera	de ASO T2 TC a PP2
T02	535	Manuel Anxo Prieto Alonso	de PP1 a TIT-UN interino
T05	065	Enrique Porto Arceo	de TIT-UN (6 h) a TIT-UN (8 h)
T05	065	Marta María Cabeza Simó	de PP2 a TIT-UN interino
T08	385	Manuel Martínez Piñeiro	de PP1 a PP2
T08	385	Javier Vijande López	de PP1 a PP2
T09	570	Eva Cernadas García	de PP1 a PP2
T09	570	Antonio Gómez Lorente	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T09	570	Enrique Castro Rascado	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T09	570	Antonio Domínguez Iglesias	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T09	570	María Lourdes Borrajo Diz	de Ayudante EU a PP1
T09	570	Florentino Fernández Riverola	de Ayudante EU a PP1
X07	230	Joaquín Pereira Somoza	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
X09	095	Ana Isabel Martínez Senra	de PP2 a TIT-UN
X09	095	Cristina Diéguez Garza	de ASOT3-P3 a ASO T3-P6
X09	650	Jesús Carlos Vázquez Baanante	de ASO T1-P3 a ASO T3-P3
X10	105	Jaime Fandiño Alonso	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X10	675	Felix Blanco González	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X11	070	Enrique Varela Álvarez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X11	775	Alberto Saco Álvarez	de PP2 a TIT-UN interino
X11	775	Manuel González Fernández	de ASO T2-TC a TIT-UN interino

### Visitantes:

Apróbase por asentimento a contratación dos seguintes profesores visitantes:

- Don Jesús Fernández Martín, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Dona Diana Valverde Pérez, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Don Ángel Sebastián Comesaña Calvo, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Don Nelson Pérez Guerra, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Don Saturnino Muñoz Martínez, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no

Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.

- Don Flip Klijn, coa categoría de TIT-EU interino, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Dona M<sup>a</sup> Concepción Pérez Lamela, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
- Dona Mercedes Sonia García Falcón, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
- Don José Manuel Leao Martins, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
- Dona M<sup>a</sup> Carmen Pena Díaz, coa categoría de PP1, desde Novembro de 2000 a Febreiro de 2001, no Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana.
- Dona Sidonia Martínez Suárez, coa categoría de TIT-EU, desde 01-02-2001 a 30-09-2001, no Departamento de Enxeñería Química.
- Don Bernardo Prieto Gutiérrez, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Enxeñería Química.
- Dona Inmaculada Franco Matilla, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Enxeñería Química.
- Don Marko Virtanen, coa categoría de TIT-EU, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.
- Don Arno Formella, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.
- Don David Olivieri, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.
- Dona María Dolores Valdés Peña, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Tecnoloxía Electrónica.
- Dona María Montserrat Lorenzo Díaz, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.
- Dona Raquel Arévalo Tomé, coa categoría de TIT-EU, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento Organización de Empresas e Marketing.
- Dona M<sup>a</sup> Elisa Alén González, coa categoría de TIT-EU, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.
- Dona Gema Álvarez Llorente, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamentode Organización de Empresas e Marketing.
- Dona Beatriz González Vázquez, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

#### Comisións de Servicios:

- Á Universidade Rey Juan Carlos para o profesor Don Camilo Prado Freire.
- Á Universidade Pablo de Olavide para o profesor Don Antonio Gallardo Correa.
- Á Universidade de Cantabria para o profesor Don Juan Martínez Moro.

Apróbanse por asentimento.

#### Ano sabático:

- M<sup>a</sup> do Camiño Noia Campos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Transmisión da participación da Universidade na Sociedade BIC-Galicia.

Despois da intervención do Rector xustificando a transmisión da participación na sociedade BIC-Galicia, o profesor Santamaría opina que a documentación que figura neste tema é insuficiente.

O profesor Legido pregunta que decisión tomaron neste tema as outras universidades galegas.

O Rector di que supón que tamén venderán a participación.

Apróbase por asentimento o seguinte acordo para a súa remisión ó Consello Social:

- Adoptar a declaración de alienabilidade da participación da Universidade de Vigo na Sociedade Centro Europeo de Empresas e Inovación de Galicia S.A. ( BIC- Galicia ) consonte coa motivación formulada polo IGAPE mediante escrito de data 03-05-2000.

- Propoñer o alleamento directo da citada participación por consideralo o procedemento máis axeitado en función das especiais características dos títulos-valores de referencia.

Este acordo está condicionado a que todos os socios minoritarios devolvan a súa participación.

**Punto 6.** Resolución de reclamación presentada por Maximino Cacheiro sobre a coordinación dos cursos de Doutoramento do Departamento de Filoloxía Española.

O Vicerrector de Investigación Don Salustiano Mato explica que o profesor Cacheiro Varela presentou unha reclamación ante o acordo do Consello de Departamento de Filoloxía Española de propor á profesora Dra. María Jesús Fariñas como coordinadora dos cursos de doutoramento. Un informe da asesoría xurídica indica a necesidade de que a Xunta de Goberno resolva o recurso presentado. Recorda que de acordo coa lexislación vixente o Departamento é o responsable dos cursos de doutoramento e ten a potestade de propor os coordinadores entre os doutores do mesmo.

Varios membros da Xunta de Goberno opinan que temas como este son competencia clara doutros órganos colexiados e non deberían tratarse en Xunta de Goberno.

O profesor Santamaría di que se remita o tema á Comisión de Doutoramento.

O Vicerrector de Investigación Don Salustiano Mato di que non procede xa que a Comisión de Doutoramento xa validou os programas de doutoramento o que, implicitamente, supón a aprobación dos coordinadores respectivos.

Os profesores Rocha e Roca coinciden co Vicerrector.

O profesor Santamaría volve a cuestionar se este é un tema de Xunta de Goberno e o Sr. Xerente responde que na documentación está o informe do asesor xurídico ó respecto e que non se debe por en cuestión o traballo dun funcionario.

A continuación intervén o profesor Cacheiro Varela e por último o Vicerrector de Investigación Don Salustiano Mato propón que se ratifique o acordo do Consello de Departamento e se desetime o recurso:

Votos a favor da proposta:	32
Votos a favor de estimar o recurso:	1
Abstencións:	11

Desestímase o recurso.

#### **Punto 7.** Proposta e modificación do regulamento de Cursos e Convenios.

O Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía Don Pedro Merino Gómez explica a proposta de reforma aprobada por unanimidade na Comisión de Cursos e Convenios e xustificada pola necesidade de evitar problemas ou retrasos relativos ás autorizacións dun departamento ou instituto nas tramitacións de contratos desde a Oficina de I+D. Di que o prazo proposto de 10 días hábiles é suficiente e asumible para tramitar os informes ou sinaturas de autorización do departamento.

O profesor Pose propón, como mellor redacción, cambiar "recibir comunicación" por "emitir documentación".

Sométese a proposta a votación.

Votos a favor:	26
Votos en contra:	0
Abstencións:	14

Apróbase a reforma nos seguintes termos:

a) Incluír un parágrafo complementario entre os dous actuais do Art. 4 do Regulamento de Cursos e Convenios tal como segue "Os informes ou sinaturas de autorización do departamento ou instituto serán emitidos no prazo de dez días, quitado que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permitan ou esixan outro prazo maior ou menor. Se o caso é de denegación da autorización, a Comisión de Cursos e Convenios estudiará a solicitude e as motivacións e elevará o pertinente informe á Xunta de Goberno da Universidade, que deberá decidir coa maior axilidade posible."

b) Modificar a redacción do parágrafo 2º actual, tal como segue " No caso de que nos ditos prazos os interesados non reciban comunicación, sexa de que o asunto está en trámite, sexa de denegación definitiva, entenderase que a actividade queda aprobada."

#### **Punto 8.** Toma de acordo ante a non presentación de candidatos a Director de

Departamento en Química Física.

En cumprimento do disposto no artigo 104 dos Estatutos, e dado que non se presentaron candidatos a Director no Departamento de Química Física, este Departamento propón que o criterio a seguir para o nomeamento de Director debe ser o de categoría, antigüidade e idade.

Apróbase por asentimento.

Asimesmo, acórdase que no nomeamento de Director se indique a obriga de convocar eleccións antes do remate do vindeiro curso académico.

**Punto 9.** Revisión, se procede, do prazo de exames dos primeiro cuadrimestre do curso 2000-2001. (Solicitud de da E.U. de Fisioterapia)

Varios membros da Xunta de Goberno (en particular, Directores de Centro e representantes de estudantes) coinciden na conveniencia de manter o calendario oficial aprobado na anterior Xunta de Goberno.

Mantense o calendario oficial (acordo por asentimento).

**Punto 10.** Debate e decisión sobre a procedencia de implantar no curso 2000-2001 os planos de estudio aprobados na Xunta de Goberno do día 20 de xuño de 2000.

Os profesores Corbacho e Pose opinan que convén retrasar a implantación de certos planos de estudio para non entrar en situacións problemáticas; habería que esperar a que estén homologados e publicados no BOE.

O profesor Legido, en nome do Departamento de Física Aplicada, pide que se retrase a posta en marcha dos planos de estudio da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial.

O profesor Tojo di que houbo precipitación no proceso e que habería que estudar como afectan os novos planos ás áreas de coñecemento.

O profesor Durany di que hai que respectar os precedentes. Os planos da E.U. de Enxeñería Técnica Industrial foron xa aprobados polo Claustro e deben empezar no curso 2000/2001. Recorda que non hai escritos nin da Xunta de Centro nin da Xunta de Titulación pedindo unha moratoria na implantación.

Coinciden coa intervención anterior os profesores Vilas, Reigosa e Membiela.

O profesor Corbacho propón votación secreta individualizada para cada plano de estudio sobre a súa implantación.

O Vicerrector de Organización Académica Don Antón Fernández Álvarez insiste en que non hai solicitud de moratoria por parte dos Centros e que hai que seguir co calendario. No caso da E.U. de Enxeñería Técnica Industrial entregou o borrador de plano de estudos o día 15 de abril de 2000, e ten interés de implantar o novo plano.



Recorda á Xunta de Goberno que no período 1992-1994 implantáronse 34 planos de estudio antes da súa homologación e no período 1994-1998, 21.

Agora, están xa homologados polo Consejo de Universidades os 24 novos planos de estudio aprobados nas últimas Xuntas de Goberno.

Sométese a votación (secreta) a implantación de todos eles para o curso 2000-2001:

A favor:	28 votos
En contra:	12 votos
Abstencións:	3

Acórdase a implantación no curso 2000-2001.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do *I Master en Xestión, Administración e Dereito Sanitario* e do *II Curso Especialista en Xestión de Sociedades e Entidades Deportivas*.

O profesor Candelas anuncia o seu voto en contra.

O profesor Santamaría di que no caso do Máster en Dereito Sanitario, ó tratarse dun Centro adscrito deben extremarse as precaucións no referente os baremos de admisión.

O Sr. Padín manifesta a súa queixa pola discriminación dos diplomados en Xestión e Administración Pública no acceso ó Master en Xestión, Administración e Dereito Sanitario (O Vicerrector aclara que se trata dun máster e non dun curso de especialista).

O profesor Durany opina que non deberían admitirse profesores PP1 no cadro de profesorado.

Sométese o máster a aprobación, indicando que antes de aprobarse no Claustro deben completarse ou modificarse, nos termos mencionados:

Votos a favor:	28
En contra:	2
Abstencións:	5

Apróbase o I Master en Xestión, Administración e Dereito Sanitario.

Vótase o II Curso de Especialista en Xestión de Sociedades e Entidades Deportivas:

Votos a favor:	30
En contra:	1
Abstencións:	6

Apróbase.

**Punto 12.** Rogos e preguntas.

O profesor Martínez-Peñalver roga que se tomen medidas para corrixir os retrasos que se están a producir na rede nas últimas dúas semanas.

O profesor Sánchez Bello pregunta pola veracidade das noticias da prensa que falan de desmantelamento dos fondos das Bibliotecas dos Centros. (O Vicerrector de Investigación Don Salustiano Mato explica que non son certas, que se está discutindo o novo modelo de organización da Biblioteca que está ligado ó proceso de informatización da mesma e que será debatido en Xunta de Goberno).

O profesor Candelas insiste na pregunta anterior e di que ese debate debería levarse ó Claustro.

O profesor Pose roga ó Sr. Xerente que lle remita unha copia da modificación do plano especial do Campus aprobado polo Concello así como a memoria da Cidade Universitaria. (O Xerente di que esa memoria é moi ampla, que está a súa disposición para consulta e que debe concretar se precisa algunha información puntual).

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 17:00 horas do día 27 de xullo de 2000 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo